

Estimada/o enxeñeira/o:

A Xunta de Goberno do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) ten o pracer de comunicarlle a convocatoria da Asemblea Xeral Ordinaria, que se celebrará o vindeiro día 17 de xuño e de acordo á seguinte:

Data, hora e lugar

Data.....17 de xuño de 2022

Hora.....17.30 en 1ª convocatoria e 18.00 en 2ª convocatoria

Lugar.....Online a través da plataforma CouncilBox

Motivación

O colexio celebrará a súa Asemblea Xeral Ordinaria que, segundo recollen os estatutos vixentes, debe ter lugar durante o primeiro semestre do ano. Do mesmo xeito que en anteriores ocasións, o obxectivo principal é poñer en coñecemento das/os colexiadas/os tanto as actividades como as contas do ano vencido, así como os orzamentos para o ano en curso.

É fundamental para o colexio que os seus membros coñezan de primeira man a traxectoria marcada por esta Xunta de Goberno, toda vez que moitas das súas actuacións non teñen unha visibilidade directa, como é, por exemplo, nos casos de negociacións que non teñen unha aplicabilidade inmediata, pero que son de importancia estratéxica.

Todas/os as/os colexiadas/os contan con voz na asemblea, de xeito que é posible realizar críticas e suxestións que permitan orientar posibles eidos de actuación e melloras na xestión, para así conducir ao colexio a un mellor funcionamento e representación dos intereses comúns do conxunto de enxeñeiras/os da nosa comunidade.

Esta vontade de transparencia e participación do colectivo, a través da aprobación da xestión da Xunta de Goberno, casa perfectamente co espírito da Lei Ómnibus, na que se avoga polo principio de transparencia, obrigando á presentación da memoria anual a través da páxina web.

Orde do día

1. Informe do estado xeral do colexio.
2. Aprobación da memoria anual de actividades.
3. Lectura e aprobación das contas.
4. Lectura e aprobación dos orzamentos e cotas de colexiación.
5. Aprobación de colexiado de honra.
6. Rogos e preguntas.
7. Lectura e aprobación da acta da Asemblea Xeral ordinaria 2022/01



Documentación relacionada coas asembleas

Nos días anteriores á asemblea estará dispoñible no sitio web do colexio, no enderezo <https://www.cpeig.gal/colexio/assemblea-xeral/assemblea-xeral-ordinaria1-2022>, toda a información relevante sobre os temas obxecto da orde do día.

Requisitos para participar na asemblea

Recibirá un mail da plataforma Councilbox onde poderá ver os requisitos técnicos para poderse conectar á asemblea.

O día de celebración da asemblea, enviarse ao mail do membro colexiado a ligazón co acceso a sala virtual e a clave de acceso a mesma.

Se mudou de email, pode actualizalo pódose en contacto con: secretario@cpeig.gal.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2022

O secretario

Juan José González Cid

v. e pr. O presidente

Fernando Suárez Lorenzo